

UGT-GALICIA ALERTA QUE O INCREMENTO DO DESEMPREGO É MÁIS SIGNIFICATIVO EN GALICIA QUE NO RESTO DO ESTADO, O GOBERNO DA XUNTA DEBERÍA TOMAR NOTA DESTA REALIDADE

A NOVA LEXISLATURA DEBE REFORZAR A CALIDADE DO EMPREGO

O paro de setembro amosa a especial incidencia da reforma laboral no impulso do emprego indefinido

Redacción.- Os datos de paro correspondentes ao mes de setembro, publicados este martes polo Servizo Público de Emprego (SEPE), mostran unha evolución do desemprego marcada pola estacionalidade propia do fin do período estival, situando un aumento do paro.

Destá forma, o paro rexistrado crece en 2.918 persoas debido á finalización da tempada alta da campaña de verán, e o número de persoas afiliadas á Seguridade Social baixa en Galicia en 6.799, mentres que no resto do Estado aumenta en 18.296, con motivo do inicio do ano académico e a reapertura de moitas empresas que pechan en vacacións. Tendencia que Galicia non logra manter. Non obstante, en termos xerais, estas tendencias son lixeiramente máis suaves ás rexistradas no mesmo mes de anos anteriores, polo que todo apunta a unha moderación da alta estacionalidade característica do noso mercado laboral.

En conxunto, o paro rexistrado situouse este mes en 130.643 persoas, 13.466 menos que o mesmo mes do ano anterior, tratándose do dato máis baixo para un mes de setembro desde 1996. Podería dicirse que se mantén o dinamismo do mercado laboral a pesar do difícil contexto económico e político. Non obstante, dende UGT-Galicia alérgase que os datos desta Comunidade son peores que os do resto do Estado, tanto en desemprego como en afiliación.

O que si hai que destacar é que a creación de emprego continuouse asentando sobre o emprego de calidade: dos 70.228 contratos rexistrados este mes, 22.050 son indefinidos, supoñendo o 31,40% da contratación; unha cifra que antes da reforma laboral apenas alcanzaba o 10% dos contratos.

É hora de acabar cos problemas do mercado de traballo

Para UGT, unha vez atallado o problema da elevada temporalidade no sector privado, é hora de pasar a resolver outras deficiencias estruturais que aínda continúan enquistadas, impedindo un funcionamento eficiente do mercado de traballo que se traduza nunha mellor calidade de vida das persoas traballadoras. Unha delas é a precariedade laboral que aínda continúan sufrindo miles de persoas nos seus postos de traballo. Algo que, para o sindicato, é totalmente inxustificable para unha economía que pretenda avanzar cara a un modelo de crecemento inclusivo e socialmente xusto a través do emprego de calidade.

A outra é o desemprego de longa duración, que continúa manténdose en niveis moi elevados, e cuxas causas se atopan nas deficiencias das políticas activas de emprego. Un asunto que, para UGT, non se soluciona coa Lei de Emprego aprobada na anterior lexislatura, en tanto que, entre outros defectos, non prevé das ferramentas necesarias para detectar as necesidades das persoas desempregadas, ofrecéndolles un catálogo de ofertas formativas e laborais que directamente non se adecuán ás súas propias traxectorias profesionais. En consecuencia, o 36% das persoas en desemprego o son de longa duración, é dicir, levan máis dun ano buscando emprego.

Por iso, UGT reclama que estas cuestións se poñan no centro do debate político e adquiren a importancia



que se merecen na próxima lexislatura, en tanto que toda reforma do marco normativo laboral debe traducirse nunha mellora efectiva da calidade de vida de todas as persoas traballadoras e, por tanto, do conxunto de fogares.

Radiografía desemprego en Galicia

Concretando os datos que se fan públicos hoxe, en Galicia o desemprego subiu en 2.918 persoas con respecto ao mes anterior (2,28%) e no Estado esta cifra aumentou un 0,73%. No ano, pola contra, rexistrouse unha contracción do desemprego, baixando en 13.466 persoas, un 9,34% menos.

Así, o número total de desempregados sitúase en 130.643 persoas, a cifra máis baixa da serie histórica, dende 1996, nun mes de setembro.

Por idades, entre os menores de 25 anos, o desemprego medrou nun 15,27%, unha evolución moito máis acusada que no conxunto de idades, e tamén incrementouse no ano nun 1,85%, contrariamente ao que sucede no resto de idades.

Continúa na páxina seguinte...

Por sexos, no caso dos homes o desemprego sube no mes un 3,54% e no caso das mulleres nun 1,43%. No ano baixou en ambos casos, o 9,71% entre os homes e o 9,1% entre as mulleres. Dende UGT-Galicia alértase que en termos estruturais, as mulleres seguen a representar o 59,17% do total do desemprego en Galicia. O paro afecta a un total de 77.300 mulleres, fronte a 53.343 homes.

En canto aos sectores, dáse unha subida do paro en todos. Así, sube un 2,69% no primario; un 2,35% na industria; o 0,96% na construción; un 3,76% no colectivo sen emprego anterior, e un 2,2% no sector servizos. No ano baixa en todos, un 13,61% no primario; o 12,44% na industria; o 11,23% na cons-

trución; o 10,02% no sector servizos. No colectivo de sen emprego anterior subiu un 4,28%.

Territorialmente, sube o desemprego no mes en todas as provincias. Nun 2,67% en Lugo; o 1,75% na Coruña; e o 1,96% en Ourense; e un 2,85% na de Pontevedra. No ano baixa en todas as provincias, en Lugo nun 9,64%; 9,91% en Pontevedra; 8,71% na Coruña; e o 9,38% en Ourense.

O dato de contratación indefinida segue a ser moi bo, do 31,4%, aínda por abaixo do resto do Estado onde é do 44,8%. Realizáronse en setembro un total de 70.228 contratos en Galicia, menos que no ano anterior pero de moita máis calidade.

Por sectores, destacan as porcentaxes de contratación indefinida na construción, do 72,1%. Tamén foron elevadas, aínda que non tanto, nos servizos, do 32%, na industria, do 21,6%, e no primario, do 26,3%.

En canto á taxa de cobertura, esta sitúase no 68,76%, con 79.969 persoas beneficiarias. Deste total, 37.248 perciben subsidios e 4.446 a Renda Activa de Inserción, o que amosa as dificultades que atravesan moitas persoas desempregadas a pesar de percibir prestacións por ser estas con contías moi baixas.

A afiliación á Seguridade Social sitúase en 1.071.112 de media mensual, descendendo un 0,63% no mes e aumentando un 2,07% no ano.

ESTE DOMINGO CENTOS DE PERSOAS PROCEDENTES DE TODA GALICIA MOBILIZÁRONSE EN SANTIAGO CO GALLO DA CELEBRACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DAS PERSOAS MAIORES

A UXP DE UGT-GALICIA RECLAMA UNHA LEI INTEGRAL DAS PERSOAS MAIORES

Redacción.- No Día Internacional das Persoas Maires, o pasado domingo, centos de xubilados e pensionistas procedentes de toda Galicia e convocados pola UXP de UGT-Galicia, reuníronse en Santiago para conmemorar esta data. Protagonizaron unha manifestación polas rúas compostelanas e, posteriormente, participaron nun xantar.

Nesta data UGT lembrou que os países do chamado mundo occidental albergarán máis de dous terzos da poboación de idade avanzada do mundo. De feito, en 2050 alcanza-se a cifra de 1.100 millóns de persoas maiores.

O Sindicato lembra que o sistema público de saúde, a protección á dependencia, os servizos sociais, o sistema público de pensións, etc. son elementos esenciais para que as persoas poidan envellecer con autonomía e en condicións saudables. Trátase de instrumentos para loitar contra a desigualdade en todas as etapas da vida, abordando as diferenzas territoriais existentes, así como a cobertura de servizos e recursos destinados para as persoas maiores.

A pandemia da COVID-19 serviu para visualizar a importancia dos servizos públicos para garantir o benestar das persoas, pero tamén as numerosas lagoas e carencias do noso sistema de protección social.



Neste sentido, UGT reivindica que é necesario incrementar o investimento na sanidade pública, especialmente en Atención Primaria, e desenvolver políticas públicas en materia de promoción da saúde, imprescindibles para garantir o envellecemento activo. Ademais, é fundamental mellorar a atención domiciliar, reforzar os centros de atención diúrnos e nocturnos, así como mellorar as condicións laborais dos cuidadores, na súa maior parte mulleres.

Unha Lei Integral dos Dereitos das Persoas Maires

É necesario avanzar na senda das últimas reformas do Sistema Público de Pensións e Seguridade Social que aseguran pensións dignas aos pensio-

nistas actuais e futuros, pero hai que mellorar as non contributivas, as mínimas e, especialmente, ir pechando a brecha de xénero.

Urxe deseñar un Plan Nacional contra a soidade non desexada, medidas específicas para aumentar a protección das persoas maiores na España baleirada, que se atopan máis desamparados, ou levar a cabo unha transformación dixital inclusiva ou acabar coa discriminación que sofren as persoas maiores no acceso aos servizos bancarios.

Por todo iso, a UXP reclama unha Lei Integral dos Dereitos das Persoas Maires que contemple todos estes ámbitos e garanta un envellecemento digno, activo e a participación das persoas maiores en todos os ámbitos da sociedade.

OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DA SANIDADE PRIVADA DA PROVINCIA DE CORUÑA MOBILIZÁRONSE ESTA SEMANA EN FERROL POR UN CONVENIO DIGNO

Redacción.- Os traballadores e traballadoras da sanidade privada da provincia da Coruña abriron un calendario de mobilizacións xa hai 15 días para demandar un convenio digno para o sector.

Este mércores tivo lugar a terceira mobilización, unha concentración fronte ao Hospital Juan Cardona en Ferrol. O día 11 a mobilización trasladarase ao Modelo na Coruña. Lembrar que nas últimas semanas xa tiveron lugar concentracións na Coruña e en Santiago.

As negociacións do convenio remóntanse a decembro de 2022 cando UGT, xunto con CIG e CCOO, propuxeron unha redución do total de horas a 1.720; que non se tocase o 5% do salario base nos trienios; que non se tocase o cobro do

100% no caso de baixa; e que os domingos se pagasen con 30 euros; así como a necesidade de actualizar as táboas salariais.

Pola súa banda, a patronal négase a baixar das 1.792 horas anuais; en canto aos trienios, limítase a unha cantidade fixa; pretende reducir o cobro nos tres primeiros días das baixas; e négase a pagar os domingos.



Ante esta situación de bloqueo, os traballadores e traballadoras estanse a mobilizar en demanda dun convenio digno.

AS TRABALLADORAS E TRABALLADORES DE PESCANOVA CONCENTRÁRONSE DIANTE DE CONXEMAR PARA AMOSAR O SEU TOTAL DESACORDO CO ERE

Hai culpables pero non son as persoas traballadoras de Pescanova



Redacción.- Os traballadores e traballadoras de Pescanova concentráronse o pasado martes en Conxemar para amosar o seu rexeitamento ao ERE presentado pola compañía. Esixiron medidas voluntarias e non traumáticas para os afectados. Dende UGT FICA insísteuse en que unha mala xestión fixo que se chegase a esta situación, xestión da que non son culpables os traballadores da factoría.

Este ERE afectaría ao 25% dos traballadores e traballadoras da planta de Chapela, en Redondela, dun total de 63.

Dende UGT FICA considérase que o ERE non vai resolver o problema que ten Pescanova nestes momentos. Este ERE é unha medida inxusta e, ademais, aínda se está sen un plan de viabilidade para o futuro desta multinacional que está nun

proceso de venda parcial do seu capital a unha firma canadense.

Nueva Pescanova ten un accionista (principal) e un presidente que se negan a sentarse co comité e os traballadores e traballadoras.

Traballadores e traballadoras que se preguntan tamén onde está Abanca, accionista maioritario e onde está a Xunta.

O TS RATIFICA A CONDENA DO TSXG CONTRA LOOMIS POR VULNERAR A LIBERDADE SINDICAL DO PRESIDENTE DO COMITÉ EUROPEO E DELEGADO DE UGT NO CENTRO DE VIGO

Redacción.- O Tribunal Supremo ven de emitir unha sentenza na que ratifica a ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia contra Loomis Spain por un delito contra a liberdade sindical do delegado de UGT Enrique Rial no centro de Vigo e que tamén ostentaba o cargo de presidente do Comité europeo na devandita empresa.

Así, déixase de manifesto o desprezo da dirección da empresa ao traballo sindical, xa que intentou limitar e entorpecer

a labor do delegado retirándolle o correo electrónico da empresa cando aínda ostentaba o cargo de presidente do Comité europeo.

Xa o TSXG, no seu momento, declaraba na súa sentenza a existencia de vulneración do dereito á liberdade sindical do actor, coa nulidade radical da conduta do empregador, ordeando o cese inmediato do comportamento antisindical e a condena ao pago dunha indemnización de 2.000 euros no concepto de dano

moral e 550 euros de gastos de honorarios. A isto hai que engadirlle 300 euros pola perda do depósito constituído para recurrir.

Aínda que é certo que estas cantidades para unha multinacional poden resultar irrisorias, tamén non é menos certo que a reputación e imaxe quedan dañadas e déixanse en evidencia determinadas prácticas que só pretenden acallar e pisotear os dereitos dos traballadores e traballadoras.

CONTINUÁN AS MOBILIZACIÓNS NO AVELINO MONTERO EN DEFENSA DOS POSTOS DE TRABALLO

Redacción.- Os traballadores e traballadoras do centro de menores Avelino Montero de Pontevedra continúan co calendario de mobilizacións e concentráronse de novo este martes ás portas do centro en defensa do emprego e para dicir non á privatización ante a ausencia dunha resposta clara da Xunta que está a actuar en contra dos criterios dos colexios profesionais e, incluso, dos datos das memorias anuais das propias fiscalías.



PAROS PARCIAIS E CONCENTRACIÓNS DOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DA EMPRESA DE LIMPEZA JARDINCELAS, CONCESIONARIA NOS CONCELLOS DE CAMBRE E CULLEREDO, POLO ATRASO NO PAGO DAS NÓMINAS

Redacción.- Os traballadores e traballadoras da empresa de limpeza Jardincelas, concesionaria dos servizos de limpeza viaria e de colexios nos concellos de Cambre e Culleredo, protagonizaron estes xoves un paro parcial, entre as 10 e as 15 horas, e varias concentracións (fronte á sede da empresa e fronte aos consistorios de Cambre e Culleredo) para denunciar os continuos e reiterados atrasos no pago das nóminas.

O convenio establece que o pago debe realizarse o día 4 e a empresa leva máis dun ano demorándose no abono das nóminas, incluso chegando a pagar a de agosto o día 28 de setembro.



ERTE

Ademais disto, a empresa ven de comunicar a intención de aplicar un ERTE que afectaría a 51 persoas traballadoras e que conlevaría dende un 10 ao 35% de redución de

xornada.

FeSMC UGT Coruña fai un chamamento aos concellos de Cambre e Culleredo para que saquen xa a concurso estes servizos para intentar solucionar esta situación.

UN CONDUCTOR ARROLLA A UNHA VIXIANTE DE SEGURIDADE EN URXENCIAS DO CUNQUEIRO

FeSMC reclama á Administración que se lle proporcione protección xurídica aos vixiantes de seguridade

Redacción.- O pasado sábado un condutor arrollou a unha vixiante de seguridade na área de urxencias do Álvaro Cunqueiro en Vigo cando o persoal de seguridade lle estaba a facer as indicacións oportunas para deixar a un doente en urxencias. O condutor fixo caso omiso a estas indicacións, apuntando que el aparcaba onde quería, e atropelou co seu vehículo á vixiante,

provocándolle lesións nunha perna.

Agresións constantes

Dende FeSMC UGT Seguridade denunciase que as agresións ao persoal de seguridade están a ser unha constante e a Administracións, ao respecto, fai deixadez de funcións. Polo que

dende o Sindicato reclámase que de xeito urxente se lle proporcione a estes traballadores a protección xurídica necesaria.

Dende FeSMC reflexiónase sobre o feito de que se lle de protección xurídica como autoridade pública a profesores ou persoal sanitario pero que se esquezan do persoal da seguridade privada.

CORREOS RESCINDE O CONTRATO DE LIMPEZA Á EMPRESA SCT TRAS AS DENUNCIAS SINDICAIS

Redacción.- O 2 de outubro a compañía Correos rescindiu o contrato da empresa de servizos de limpeza SCT Acva, S.L.

Desde UGT solicitouse a Correos que esta empresa, que levaba meses sen abonar as nóminas dos seus traballadores e traballadoras, deixase de prestar servizo. O Sindicato levou a cabo distintas mobilizacións para denunciar a falta de pagamento dos salarios e, afortunadamente, Correos foi sensible a esta realidade.

Probablemente, segundo a información da que dispón UGT, a finais do presente mes de outubro haberá unha nova em-

presa adxudicataria para a prestación do servizo de limpeza que viña realizando SCT.

Os concursos públicos e licitacións á baixa na contratación de servizos -valorando unicamente a oferta máis económica- por parte de entes públicos e da propia Administración pública é un grave problema que UGT leva tempo denunciando e que o único que xera, como no caso que nos ocupa, é precariedade salarial e deterioración das condicións de traballo.

O Estado e as empresas públicas que del dependen deben rexerse por criterios



de calidade, tanto na prestación do servizo como respecto ás condicións laborais e salariais da empresa adxudicataria.

A UE DEBE IMPULSAR POLÍTICAS DE LOITA CONTRA O SINHOGARISMO

Redacción.- A secretaria de Políticas Europeas de UGT, Mari Carmen Barrera, defende nunha xomada do Consello Económico e Social Europeo (CESE) o ditame de UGT para acabar coa lacra do sinhogarismo.

“Acabar co sinhogarismo esixe cambios estruturais no sistema que rodea ás persoas sen fogar”, considerou, polo que “desde UGT expomos a esixencia de respecto dos dereitos humanos das persoas sen fogar, que non cumpren moitos estados; a necesidade de políticas de prevención, pois a única política de prevención é a vivenda social e esta non está dirixida a estas persoas; e a necesidade dun marco común para as políticas de loita contra o sinhogarismo que faga que todos os países cumpran con determinados estándares, de políticas, medios e datos estatísticos para acabar con esta secuela”.

Un fenómeno das persoas sen fogar que afecta a toda a Unión Europea. “Segundo Eurostat, o 4% dos cidadáns da UE afirman es-

tar sen fogar polo menos unha vez na súa vida, aínda que esta cifra varía moito entre os estados membros. Por iso, débense poñer en marcha políticas de loita contra o sinhogarismo baseadas no dereito a unha vivenda social alcanzable e adecuada, xa que o sinhogarismo non é unha situación preexistente, senón que é o resultado de decisións políticas e económicas”.

Neste sentido, esixiu a promoción da política “housing first”, a cal demostrou ser a política necesaria para facer fronte á secuela do sinhogarismo en Europa. Esta metodoloxía de intervención social proporciona ás persoas sen fogar unha vivenda estable e independente cun apoio profesional que satisfaga as súas necesidades, garantindo a provisión de alugueiros seguros e alcanzables”.

Paralelamente, afirmou a necesidade de impulsar “políticas de protección social para garantir unha vida digna e políticas activas de emprego, é dicir, medidas que poidan axudar

ás persoas para retomar o timón da súa vida e apoialas no camiño que vai de estar sen fogar a ter un emprego de calidade”.

Mari Carmen Barrera avogou por un “marco e un financiamento á escala da UE para combater este fenómeno, con medidas como os réximes de renda mínima, que supoñen unha resposta eficaz que desempeña un papel crucial como rede de seguridade para as persoas desempregadas de longa duración e a miúdo representan a única forma de prestación económica dispoñible para estas persoas”. Desta forma, considerou que “o CESE debe xogar un papel fundamental para defender as políticas sobre as persoas sen fogar debido a que, no seu tratado fundacional, recóllese a pretensión de acabar coa pobreza, e como representantes de miles de empresas, sindicatos e ONG, estamos especialmente ben situados para logralo. Necesitamos un marco común financeiro estable, a través do Semestre Europeo, que nos permita loitar con garantías contra o sinhogarismo”.

CÓMPUTO DE TEMPO PARCIAL PARA O RECOÑECIMENTO DAS PENSÍONS

Coa nova modificación, só teranse en conta os períodos cotizados, independentemente de se se trata de xornadas a tempo parcial ou completo

Redacción.- O 1 de outubro entrou en vigor a modificación do artigo 247 do TRLGSS, levada a cabo polo Real Decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo, de medidas urxentes para a ampliación de dereitos dos pensionistas, a redución da brecha de xénero e o establecemento dun novo marco de sustentabilidade do sistema público de pensións.

Modificación que ten a súa orixe en dous fitos:

- A doutrina do Tribunal Constitucional SSTC 91/2019, do 3 de xullo, e 155/2021, do 13 de setembro, que declara inconstitucional e nula a forma de cómputo dos períodos de cotización a tempo parcial a efectos de determinar a contía da pensión de xubilación, concluíndo así mesmo que, produciase unha discriminación indirecta por sexo, dado que o emprego a tempo parcial desempeñano maioritariamente as mulleres.
- O Acordo alcanzado polo Goberno

e as organizacións sindicais sobre o segundo paquete de reformas do sistema de pensións, de marzo de 2023, o cal contaba como un dos seus obxectivos principais, a redución da brecha de xénero nas pensións.

A modificación do artigo 247 do TRLGSS equipara o traballo a tempo parcial co traballo a tempo completo a efectos do cómputo dos períodos cotizados para o recoñecemento das pensións de xubilación, incapacidade permanente, morte e supervivencia, incapacidade temporal, nacemento e coidado de menor.

Como consecuencia desta medida, á hora de efectuar o cómputo dos períodos cotizados para o acceso ás pensións referidas, só se terán en conta os períodos cotizados, con independencia de cal sexa a duración da xornada realizada en cada un deles. Desta maneira, a xornada parcial pasará a computarse como 1 día cotizado, do mesmo xeito que a xornada a tempo completo.

Grazas, por tanto, á doutrina do Tribunal Constitucional e ao Acordo alcanzado polo Goberno e as organizacións sindicais, en relación ao segundo paquete de reformas do sistema de pensións, ponse fin á dobre penalización que sufrían as persoas traballadoras a tempo parcial (mulleres na súa maioría) ao acceder a unha pensión: por unha banda, penalizábaselles cunha forma inxusta de computar os períodos traballados parcialmente (coeficiente parcialidade), e por outro, por ter unhas bases de cotización para calcular a pensión inferior ás que corresponden a tempo completo.

Esta medida acaba coa discriminación que sufrían as persoas traballadoras a tempo parcial, que tiñan que traballar durante máis tempo para poder cumprir co período mínimo esixido para acceder a unha pensión. Por último, desde UGT instamos ao INSS para proceder a revisar de oficio as pensións recoñecidas en calquera período que sufriron diminución por non recoñecer como efectivamente cotizados os períodos parciais.

O GOBERNO NINGUNEA ÁS VÍTIMAS DO AMIANTO ATRASANDO A ENTRADA EN VIGOR DO SEU FONDO DE COMPENSACIÓN

Redacción.- No aniversario da aprobación da Lei 21/2022, de creación dun fondo de compensación para as vítimas do amianto, FEDAVICA, UGT e CCOO denuncian o incumprimento da mesma por parte do Goberno ao non aprobar o seu desenvolvemento regulamentario, trámite necesario para a súa entrada en vigor e cuxo prazo máximo expirou o 17 de xaneiro.

O 5 de outubro de 2022, o Senado aprobou por unanimidade a Lei de Creación dun Fondo de Compensación para as Vítimas do Amianto. A mesma lei establecía un prazo de tempo de 90 días, desde a súa publicación no BOE (19 de outubro de 2022), para a aprobación dun Regulamento que regulará cuestións cruciais, como a contía das indemnizacións, e as condicións para poder acceder ao Fondo, así como o procedemento para empregar para cursar as peticións das vítimas.

A día de hoxe atopámonos con que o Goberno non aprobou o Regulamento, e ademais elaborou un proxecto de Regulamento suscrito polo Ministerio de Inclusión, a Seguridade Social e Migracións, que contradi o espírito da Lei, entre outras cousas, porque outorga unhas indemniz-

acións económicas moi por baixo do obxectivo de acabar cos longos procesos xudiciais. As cantidades propostas no proxecto de RD son tremendamente inferiores ás indemnizacións que veñen obtendo por vía xudicial e ás que se estableceron para outros colectivos, como son as vítimas do terrorismo, do VIH e as da Talidomida. A isto hai que engadir que as persoas afectadas polo amianto terían que tributar no IRPF polas súas indemnizacións, o que supón profundar na discriminación que sofren ao ser consideradas polo Goberno como vítimas de segunda categoría.

Tamén é inaceptable que, no devandito proxecto, os familiares das vítimas falecidas nos últimos anos non teñan dereito ás citadas indemnizacións, por canto, hai que ter en conta que o amianto se prohibiu o ano 2001 e a Lei aprobada empezouse a tramitar o 2013 no Parlamento Vasco e foi rexistrada por primeira vez no Congreso dos Deputados o ano 2016.

No seo de FEDAVICA, UGT e CCOO a nosa indignación vai en aumento, e facémonos as seguintes preguntas:

- Como é posible que o Goberno in-

cumpra os prazos da Lei, cando foi aprobada por unanimidade por parte do Parlamento Vasco (en tres ocasións), o Congreso dos Deputados e o Senado?

- Como é posible que o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións asigne ás vítimas do amianto e os seus familiares unhas indemnizacións máis de tres veces inferiores ás establecidas para outros colectivos en similares circunstancias?

- Como é posible que non estea prevista unha exención fiscal para as indemnizacións das vítimas do amianto como a que xa existe para outros colectivos?

- Por que o Goberno non respecta o espírito da Lei que foi promovida nun principio polo Parlamento Vasco e posteriormente polo Congreso dos Deputados e o Senado?

Cremos que por xustiza o Goberno en funcións ten o deber de aprobar o Regulamento do Fondo de Compensación, sen máis dilacións, respectando o espírito da Lei e sen converter ás persoas afectadas polo amianto en vítimas de segunda categoría.